

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de xaneiro de 2022**

Ás 17.00 horas do día 19 de xaneiro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona Consuelo Vispo Seara (substituída por dona Ana Patricia Torres Madureira) nin a deputada do Grupo Socialista dona Rosario Rodríguez Delgado (substituída por dona Susana Rodríguez Estévez)

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 9 de decembro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 9 de decembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE AS IRREGULARIDADES NO REPARTO DE FONDOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE ENTRE ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, expón o contido da moción dando lectura ás súas propostas de acordo.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, manifesta a reserva de voto para o Pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que comparte a preocupación polos fondos, cada vez máis escasos, dos concellos e, en particular, dos recibidos da Deputación. Manifesta que se trata dun tema repetitivo pero desgraciadamente obvio e certo. Indica que o informe do Consello de Contas ten razón, pero que o grupo de goberno non vai mover a súa postura, polo que a solución pasaría por promover unha modificación na lexislación estatal que lle obrigue á Deputación a facer un reparto xusto e equitativo entre os concellos. Se esa proposta se realiza no Parlamento de Madrid vai contar seguro co voto favorable do BNG. En todo caso tamén haberá que matizar que hai outras administracións públicas ás que acudiu, por exemplo o Concello de Allariz, que o resultado tamén foi nulo. Insiste en que nunha modificación lexislativa, que agora pode promover o Partido Socialista en Madrid, estará a solución a este problema.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que precisamente na viaxe que fixeron os deputados e deputadas socialistas a Madrid se fixo esta petición, a que se trasladará á mesa do Congreso. Engade que é curioso que esta situación se estea dando cando o PP nestes días está reclamando constantemente un reparto xusto dos fondos que proveñen da Unión Europea.

D. Bernardo Valera López, do BNG, sinala que o informe do Consello de Contas é unha constatación da realidade e que se o informe só serve para dicirnos que a Deputación de Ourense o está facendo mal, iso xa o sabemos. Insiste en que a alternativa pasa por un cambio

legislativo e que un caso parecido sucede con fondos da Xunta de Galicia, xa que preto do 75% dos destinados aos concellos tampouco van a fondos de cooperación. Conclúe dicindo que se debe poñer orde aos sistema de financiamento municipal.

O **presidente da comisión** sinala que se trata dunha moción repetitiva e ata *cansina* e que exporán os seus argumentos no pleno.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pídelle ao portavoz do Grupo Popular que non se canse, porque aínda queda ano e medio de mandato e serán insistentes neste asunto, por tratarse dun tema necesario e imprescindible.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), o voto en contra do Grupo Popular (5) de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do BNG (1) a comisión **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense á aprobación dun plan que integre as distintas liñas de axudas ás entidades locais, o que suporía un incremento das contribucións e permitiríalles aos municipios unha mellor planificación e xestión dos fondos, así como unha maior eficiencia na xestión dos investimentos e da propia tramitación administrativa dos expedientes.

2. Instar á Deputación Provincial de Ourense a aprobar unha regulación técnica específica para os plans provinciais de cooperación de obras ou servizos de competencia municipal e outros plans ou instrumentos específicos de asistencia e cooperación para a realización de investimentos, actividades e servizos municipais.

3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a incorporar unha análise do custo dos servizos municipais nos criterios de reparto dos fondos públicos entre os concellos da provincia a través de plans provinciais, criterios que deberían ter en conta, entre outros, a poboación do municipio; o número de núcleos habitados; a superficie municipal ou o envellecemento dos habitantes empadroados.

4. Instar á Deputación Provincial de Ourense a incluír nos plans de obras e servizos todas as actuacións das entidades locais que respondan a este obxecto, aplicando o carácter absolutamente excepcional da formalización de convenios administrativos discrecionais, xustificando a elección desta opción en cada caso.

5. Instar á Deputación Provincial de Ourense a adoptar medidas que garantan que as axudas previstas nos plans provinciais lles permitan aos concellos con menor capacidade económica o impulso real das súas economías locais e da súa actividade administrativa, incluíndo mecanismos de comprobación dos resultados.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º .- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.